

> A Alcadesa e a Concelleira de Economía participan na entrega dos V Premios Mestras e Mestres da Memoria, celebrada no Vello Cárcere

A Alcadesa e a Concelleira de Economía participan na entrega dos V Premios Mestras e Mestres da Memoria, celebrada no Vello Cárcere

Tema Cultura e Turismo, Xestión cultural, Promoción da lingua

Sábado, 27 de maio de 2017

Fonte: Gabinete de Prensa

A Alcadesa de Lugo, Lara Méndez, e a Concelleira de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, Ana Prieto, participaron este sábado no Vello Cárcere no acto de entrega dos *V Premios Mestras e Mestres da Memoria*, que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) conceden a informantes de literatura popular por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da cultura popular tradicional. A proposta da sección de Literatura de Tradición Oral, coordinada por Antonio Reigosa, a assemblea xeral de socios e socias da AELG acordou outorgárllelos ás Pandereteiras da Alén (Orosia e Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos) e a Serafín Mourelle Bugallo. No acto tamén estivo presente a Deputada de Cultura, Pilar Porto, e outros membros da Corporación Municipal.



A AELG pretende facer máis visible ante a sociedade a literatura de tradición oral levando a Lugo a súa Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria co lema *Lugo, Capital Galega da Literatura de Tradición Oral*, un acto que contou coa colaboración do Concello de Lugo.

URL fonte: <http://lugo.gal/gl/novas/alcadesa-e-concelleira-de-economia-participan-na-entrega-dos-v-premios-mestras-e-mestres-da>